



*Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos pola que se aproba a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e o baremo definitivo no procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de profesores de relixión de primaria, especialidade relixión evanxélica (701402), e no corpo de profesores de relixión de secundaria, especialidade relixión evanxélica (702403).*

Pola Resolución do 25 de abril de 2018, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, convocouse un procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de profesores de relixión de primaria, especialidade relixión evanxélica (701402), e no corpo de profesores de relixión de secundaria, especialidade relixión evanxélica (702403).

Por Resolución do 13 de novembro de 2018, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, aprobouse a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional no procedemento para a elaboración das citadas listas de interinidades e substitucións e publicouse no portal de internet da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional. Logo de rematado o prazo para formular reclamacións contra a citada relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional, e revisadas as reclamacións que formularon as persoas interesadas, procede aprobar a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e o baremo definitivo no citado procedemento, e facelas públicas no portal de internet desta consellería de acordo co disposto na base sétima da convocatoria.

En consecuencia,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e o baremo definitivo das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de profesores de relixión de primaria, especialidade relixión evanxélica (701402), e no corpo de profesores de relixión de secundaria, especialidade relixión evanxélica (702403).

Segundo.- Ordenar a publicación da relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e do baremo definitivo indicados no apartado anterior no portal de Internet da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional ([www.edu.xunta.gal](http://www.edu.xunta.gal)).

Terceiro.- De acordo co disposto no parágrafo segundo da base sétima da Resolución do 25 de abril de 2018, contra esta resolución, que lle pon fin a vía administrativa, as persoas interesadas poderán formular un recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da





súa publicación no citado portal de internet, ante a persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou directamente un recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses a contar desde a mesma data, ante o xulgado contencioso administrativo que sexa competente de conformidade coa Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

José Manuel Pinal Rodríguez

